

CRITERIOS DE CLASIFICACIÓN

× Tamaño:

- + Empresas pequeñas → microempresas
- + Empresas medianas
- + Empresas grandes

CRITERIOS DE CLASIFICACIÓN

✖ Sector de actividade:

- + Empresas do sector **primario**. As que extraen as materias primas da natureza.



- + Empresas do sector **secundario**. As que transforman as materias primas en produtos elaborados: Produtoras de enerxía, construtoras e industriais.



- + Empresas do sector **terciario**. Son as empresas de servizos: comerciais, transporte, turismo, ensino, sanidade, espectáculos, comunicación, financeiras...



CRITERIOS DE CLASIFICACIÓN

× Propiedade :

+ **Privadas.** A propiedade e control están en mans de particulares.

+ **Públicas,** o capital e o control pertence ás Administracións públicas.

+ **Mixtas,** a súa propiedade está compartida.



Real Casa de la Moneda
Fábrica Nacional
de Moneda y Timbre

Aena



Aeropuertos Españoles
y Navegación Aérea



TURGALICIA

Dirección Xeral de Turismo



RED
ELÉCTRICA
DE ESPAÑA



CORREOS



CRITERIOS DE CLASIFICACIÓN

× **Ámbito:**

- + Local
- + Nacional
- + Multinacional




CRITERIOS DE CLASIFICACIÓN



× Forma xurídica:

- + Empresa individual (A empresa ten un só propietario)
- + Sociedade (A empresa ten varios propietarios)



O EMPRESARIO INDIVIDUAL

EMPRESA = PERSOA

Responsabilidade ilimitada

implica que o empresario responde con todo o seu patrimonio presente e futuro das débedas contraídas pola empresa.

Responsabilidade limitada

implica que o socio perde unicamente o capital achegado á sociedade.

Empresa cun só propietario.

O empresario individual é a **persoa física** que exerce de forma habitual e por **conta propia** unha actividade empresarial ou profesional.

Características:

- Responsabilidade **ilimitada**.
- Os beneficios da empresa tributan no **IRPF** (Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas).

Vantaxes e inconvenientes do empresario individual:

- Control total da xestión da empresa.
- Forma sinxela e económica de iniciar unha actividade empresarial.
- Volumes moi elevados de beneficios tributan a tipos impositivos máis altos que no imposto sobre sociedades.
- Asume responsabilidade ilimitada e as débedas contraídas poden afectar ao patrimonio do seu cónxuxe se teñen réxime de bens gananciais.
- Pode ter dificultades para acceder a créditos (dependendo do seu patrimonio persoal).

SOCIEDADES

Aspectos comúns a todas elas

- ★ Unha sociedade é unha **persoa xurídica**. A sociedade ten personalidade distinta á dos seus socios.
- ★ As achegas dos socios constitúen o **capital social**. Estas achegas poden consistir en diñeiro ou ser non dinerarias (un ordenador, unha máquina, un camión,...).
- ★ Os beneficios tributan no **Imposto de Sociedades**.

SOCIEDADE DE RESPONSABILIDADE LIMITADA

Características:

- ✗ Denominación social: inclúe a expresión **S.L.** ou **S.R.L.**
- ✗ Os seus socios teñen **responsabilidade limitada** sobre as débedas contraídas pola sociedade.
- ✗ Sociedade **pechada**: A transmisión das participacións está restrinxida. Os restantes socios han de aprobar a transmisión de participacións e teñen dereito preferente a adquirilas.
- ✗ A sociedade limitada está pensada para pequenas empresas de carácter familiar. As limitacións á transmisión de participacións dificultan o seu crecemento.

SOCIEDADE ANÓNIMA

É a sociedade capitalista por excelencia.

Características:

- × Os seus socios teñen responsabilidade **limitada** sobre as débedas contraídas pola sociedade.
- × A transmisión das accións é **libre** (salvo limitación expresa nos estatutos).
- × A sociedade anónima facilita a entrada de financiamento e é típica das grandes empresas. Tamén favorece a separación entre a propiedade da empresa (socios) e a xestión (administradores profesionais).

SOCIEDADES LABORAIS

Son sociedades laborais (S.A.L ou S.L.L) cando a maioría do capital social (máis do 50%) pertence aos **traballadores con contrato de traballo indefinido e a xornada completa.**

SOCIEDADE COOPERATIVA

Son sociedades que agrupan a persoas que teñen **intereses ou necesidades comúns** (cooperativas de traballo, agrícolas, de vivenda,...).

Non son mercantís pois non teñen ánimo de lucro.

Características:

- ✕ Os seus socios achegan capital e traballo e teñen **responsabilidade limitada** (salvo que os estatutos indiquen o contrario).
- ✕ O capital social divídese en achegas nominativas dos socios. É **variable**, ao poder entrar e saír libremente os socios da empresa.
- ✕ Teñen unha **xestión democrática**, cada persoa posúe un voto con independencia do capital achegado.
- ✕ Non existe ánimo de lucro, o excedente (beneficio) repártese en función da participación de cada socio nas operacións sociais.

